



## **REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.**

### **ARTIGO 1.—OBXECTO**

1.—De conformidade coa potestade regulamentaria e de auto-organización o presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e o funcionamento do Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.—Este regulamento, a lexislación básica estatal na materia e a lexislación autonómica en materia de organización conforman as fontes normativas de organización e funcionamento do pleno.

3.—As disposicións deste regulamento terán carácter preferente en canto non contradigan outras de rango superior.

### **ARTIGO 2.—O PLENO**

O pleno é o órgano de máxima representación política da cidadanía no goberno municipal. Está integrado polos concelleiros/as e presidido pola Alcaldía ou tenente de alcalde no que delegue. Controla e fiscaliza aos órganos de goberno, exerce a potestade regulamentaria e orzamentaria e demais atribucións que lle outorgan as leis.

### **ARTIGO 3.—LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS**

1.—As sesións plenarias do concello celebraranse necesariamente no Salón de plenos da Casa consistorial.

2.—Por razóns xustificadas, a alcaldía, poderá dispoñer a celebración da sesión noutro local ou edificio adecuado, mediante resolución motivada e previa á da convocatoria do pleno, notificada a todos os membros da corporación.

3.—Os membros da corporación tomarán asento no salón de sesións conforme á súa adscrición aos grupos políticos municipais. A alcaldía determinará a orde de colocación dos grupos dando preferencia ao formado polos/as concelleiros/as da lista que obtivese maior número de votos. En calquera caso, a disposición tenderá a facilitar a emisión e recuento do votos.

### **ARTÍGO 4: CLASES DE SESIÓNS**

1.—As sesións do pleno poderán ser:

- a) Ordinarias
- b) Extraordinarias
- c) Extraordinarias e urxentes

O pleno realizará sesións ordinarias, con carácter mensual. Ao inicio do mandato estableceranse as datas e horario concreto.

a) A alcaldía, por propia iniciativa ou a petición da xunta de voceiros, poderá variar por circunstancias excepcionais e xustificadas o día de celebración dalgunha sesión ordinaria, apartándose o menos posible do acordado polo pleno, comunicándoo aos interesados e publicándoo no taboleiro de anuncios coa maior antelación posible.

b) O pleno realizará sesións extraordinarias cando sexan convocadas con este carácter pola alcaldía ou a solicitude da cuarta parte, polo menos, do número legal de



membros da corporación, sen que ningún/ha concelleiro/a poida solicitar máis de tres anualmente. Tal solicitude deberá de facerse por escrito no que se razoen as cuestións que a motivan, os asuntos a incluír na orde do día e o texto das propostas dos acordos que se pretendan adoptar.

A convocatoria de sesión extraordinaria a instancias dos membros da corporación non poderá demorarse por máis de 15 días hábiles desde que fora solicitada, non podendo incorporarse o asunto á orde do día dun pleno ordinario ou extraordinario con máis asuntos se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.

Se a presidencia non convocase o pleno dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ao da finalización de dito prazo, ás 12.00 horas.

c) O pleno realizará sesións extraordinarias e urxentes cando sexan convocadas con tal carácter pola presidencia cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permita convocar a sesión cunha antelación mínima de dous días hábiles. Neste caso deberá incluírse como primeiro punto da orde do día o pronunciamento do pleno sobre a urxencia da convocatoria, que deberá ser aprobada por maioría simple dos seus membros.

#### **ARTÍGO 5: UNIDADE DE ACTO**

- 1.— Toda sesión haberá de respectar o principio de unidade de acto e procurarase que termine o mesmo día do seu comezo.
- 2.— Exceptuando circunstancias excepcionais, a sesión levantarase ás 24.00 horas, salvo que non tivese concluído o debate ou votación do punto da orde do día que se estea examinando.
- 3.— Os asuntos non debatidos incluíranse na orde do día da seguinte sesión ordinaria.
- 4.— Durante o transcurso da sesión, a presidencia poderá acordar interrupcións para permitir as deliberacións dos grupos sobre a cuestión debatida ou para descansar dos debates.

#### **ARTÍGO 6: PUBLICIDADE DAS SESIÓNS**

- 1.— As sesións do pleno serán públicas, non obstante, poderá ser secreto o debate e a votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito recollido no artigo 18.1 da Constitución cando así se acorde por maioría absoluta.
- 2.— Os representantes dos medios de comunicación deberán ter garantido o acceso e o espazo para desenvolver a súa tarefa nas debidas condicións.
- 3.— A presidencia velará polo mantemento da orde no salón. O público asistente ás sesións non poderán intervir, efectuar manifestacións de agrado ou desagrado, nin proferir comentarios que afecten ao devir da sesión. Tampouco se permitirán que os membros da corporación se dirixan ao mesmo, salvo a presidencia para chamar ou pedir orden, podendo a presidencia en caso extremo, ordenar o desaloxo de calquera persoa ou do público asistente á sesión.

#### **ARTIGO 7: CONVOCATORIA DAS SESIÓNS PLENARIAS**

- 1.— As sesións plenarias requirirán a súa previa convocatoria pola presidencia que, acompañada da orde do día dos asuntos a tratar, se lle notificará aos membros da corporación.



- 2.— Tanto as sesións ordinarias como as extraordinarias que non sexan de carácter urxente, terán que convocarse, polo menos, con dous días hábiles de antelación.
- 3.— A convocatoria conterá a data, hora e lugar de celebración, así como a correspondente orde do día.
- 4.— A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día deberá estar a disposición dos/as concelleiros/as desde o día da convocatoria na secretaría xeral do concello.
- 5.— A convocatoria será remitida aos/ás concelleiros/as por correo electrónico.

#### **ARTIGO 8: ORDE DO DÍA DAS SESIÓNS**

- 1.— A orde do día das sesións fixaraa a alcaldía, asistida da secretaria. Así mesmo poderá solicitar a asistencia dos membros da xunta de goberno local e consultar, se o estima oportuno, a xunta de portavoces.
- 2.— Na orde do día incluíranse os asuntos ditaminados ou informados nas comisións informativas que correspondan.
- 3.— O alcalde ou presidente, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou a proposta dalgún dos portavoces, asuntos que non foran previamente informados pola respectiva comisión informativa, pero neste suposto non poderá adoptarse ningún acordo sobre estes asuntos sen que o pleno ratifique a súa inclusión na orde do día.
- 4.— Antes do punto correspondente a rogos e preguntas, procederá o tratamento das mocións de urxencia.
- 5.— Toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base ao debate e, no seu caso, á votación figurará a disposición de todos os concelleiros/as desde o mesmo día da convocatoria na secretaría da corporación. Calquera concelleiro/a poderá, en consecuencia, examinala pero os orixinais non poderán saír do lugar en que se atopen postos de manifesto. Así mesmo e sempre que sexa posible, porase a disposición dos concelleiros/as unha copia en soporte informático.
- 6.— A presidencia poderá non incluír na orde do día do pleno, aquelas propostas en cuxa redacción se conteñan expresións que sexan insultantes para as persoas ou as institucións e contrarias á obriga de gardar cortesía no desempeño do cargo, sempre e cando os oponentes se negaran a modificara as devanditas propostas.
- 7.— Salvo caso de recoñecida urxencia que deberá ser motivada e ratificada por maioría absoluta, nas sesións ordinarias non se tratarán máis asuntos que os contidos na orde do día.

#### **ARTIGO 9: APERTURA DA SESIÓN**

- 1.— Comprobada a existencia de quórum polo/a secretario/a, a presidencia iniciará a sesión.
- 2.— Iniciada a sesión, cando así figure na orde do día, a presidencia someterá á consideración do pleno a acta ou actas das sesións anteriores. Se ningún membro da corporación realiza obxeccións entenderanse aprobadas por unanimidade. Se se producisen observacións debateranse e acordaranse as rectificacións que procedesen que, en ningún caso, implicarán modificacións do fondo dos acordos adoptados



limitándose á corrección de erros de redacción e materiais dos acordos ou das intervencións consignadas.

#### **ARTIGO 10: NORMAS XERAIS SOBRE O DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN.**

1.—Corresponderalle á presidencia a dirección da sesión, das distintas intervencións e o control da orde dos debates. Asegurar a boa marcha da sesión e acordar, no seu caso, as interrupcións que estime convenientes; dirixirá os debates, manterá a orde nestes e sinalará os tempos de intervención, nos termos sinalados no presente regulamento e segundo o acordado pola xunta de voceiros.

2.—Os asuntos da orde do día debateranse e votaranse pola orde que nela estean consignados sen prexuízo de que a presidencia, por iniciativa propia ou por petición dos/as voceiros/as, a altere. En ningún caso os asuntos da parte de control precederán ós da parte resolutiva.

3.—De cada punto da orde do día darase unha explicación detallada do seu contido polo/a concelleiro/a con competencias delegadas na materia ou polos/as voceiros/as dos grupos políticos municipais propoñentes, segundo os casos.

4.—A presidencia, por iniciativa propia, sempre que non se opoña ningún grupo político, ou por petición destes, poderá decidir que non se expliquen determinadas propostas, proposicións ou mocións cando o seu contido sexa perfectamente coñecido polos membros da corporación.

5.—Explicada a proposta, proposición ou moción e, no seu caso, as emendas formuladas, a presidencia abrirá quenda de intervencións.

6.—Se ningún concelleiro ou concelleira solicita a palabra sobre o ditame, proposición ou moción e non houbese emendas, a presidencia someterá a proposta, proposición ou moción a votación.

7.—Si se presentasen emendas, estas deberán ser aceptadas ou rexeitadas polo grupo ou concelleiro/a propoñente. Se as emendas fosen á totalidade ou alternativas e prosperasen non haberá lugar á votación da proposta ou proposición que se entenderá rexeitada, se fosen parciais e tamén prosperasen entenderase que a posterior votación da proposta ou proposición inclúe a emenda aprobada.

#### **ARTIGO 11: DELIBERACIÓN.**

1.—O debate iniciarase cunha exposición da proposta a cargo de calquera membro do grupo municipal que a subscriba. Esta exposición non se prolongará máis de 5 minutos.

2.—A continuación os demais grupos municipais, comezando polo que teña menos concelleiros, consumirá unha primeira rolda na que as intervencións non excederán de 5 minutos. Non obstante, naqueles temas que pola súa importancia ou complexidade así o requiran, o/a alcalde/sa, previo acordo da xunta de voceiros, notificaralle ao pleno a duración das intervencións antes de comezaren estas.

3.—Se o solicitase algún grupo, procederase a unha segunda rolda, tendo esta unha duración máxima de 3 minutos por cada grupo.

4.—Só por alusións, calquera concelleiro/a poderá solicitar da presidencia a palabra, De serlle outorgada, fará uso desta de xeito moi breve e conciso e a duración máxima da intervención por alusións será de dous minutos.



5.— Transcorrido o tempo establecido para cada intervención a presidencia retiralle a palabra ao concelleiro/a no uso da mesma, logo de advertirlle que debe concluír a súa intervención.

6.— Rematadas as intervencións a presidencia poderá realizar a súa intervención e declarará rematado o debate, de seguido a presidencia deberá expoñer os termos da votación e someterase a proposta a votación. Se se presentasen emendas actuarase segundo o previsto neste regulamento.

7.— Nos plenos extraordinarios a ordenación do debate será a mesma que nos plenos ordinarios, salvo nos plenos de especial importancia nos que a xunta de portavoces poderá pactar outra forma de desenvolvemento do debate.

8.— O/a alcalde/sa poderá acordar, durante o transcurso da sesión, que se interrompa esta para permitir as deliberacións dos grupos sobre a cuestión debatida ou para descanso dos debates. Estas interrupcións non terán unha duración superior aos trinta minutos.

## **ARTIGO 12: CUESTIÓN DE ORDE E RETIRADA DE ASUNTOS**

1. Todos os membros da corporación poderán, en calquera momento do debate, presentar unha cuestión de orde. Será resolta pola presidencia trala consulta, no seu caso, coa secretaria xeral, sen que sobre a decisión proceda debate.

2. Os/as concelleiros/as poderán solicitar durante o debate a retirada dun asunto incluído na orde do día a efectos de que se complete o expediente con novos documentos ou informes, ou pedir que quede sobre a mesa, aprazándose a discusión para a seguinte sesión, para o seu mellor estudo. Se o/a concelleiro/a ou grupo municipal propoñente acepta a proposta de retirada ou de deixar sobre a mesa o punto, así se procederá e continuarase coa orde do día fixada na orde de convocatoria. En todo caso, actuarase conforme ao artigo 92 do ROF.

## **ARTIGO 13: CHAMADA Á CUESTIÓN E Á ORDE**

1.— Durante o debate non se admitirán máis intervencións que as da presidencia para chamar á cuestión debatida cando se desvíe o debate do asunto principal, cando se volva sobre cuestións xa deliberadas e votadas ou ben para chamar á orde e/ou advertir que se esgotou o tempo ou que se carece do uso da palabra. A presidencia chamará á orde ó/a concelleiro/a que profira palabras ou conceptos ofensivos para a corporación, para os seus membros, para institucións públicas ou para calquera outra persoa ou entidade.

2.— Se unha ou un concelleiro é chamado tres veces á orde nunha mesma sesión, a presidencia, con advertencia na segunda das consecuencias, poderá expulsalo/a do salón de plenos.

3.— Se por calquera causa, durante a realización da sesión se producise unha alteración da orde pública que, a xuízo da presidencia, impedise o normal desenvolvemento da sesión, poderá ordenar a súa suspensión polo prazo máximo de media hora. Se transcorrido este prazo, non se pode continuar normalmente, a presidencia, trala consulta coa xunta de voceiros, optará por reanudala a porta pechada ou por levantala definitivamente. Neste caso os asuntos que queden pendentes terán que ser tratados noutra sesión que terá lugar dentro dos dez días hábiles seguintes co mesmo carácter que tivese a que se suspendeu.



## **ARTIGO 14: VOTACIÓN**

- 1.—Cando a presidencia considere suficientemente debatido o asunto, declarará rematado o debate e someterao a votación. Antes de comezar presentará clara e concisamente os termos desta.
- 2.—O voto emitirase en sentido positivo ou negativo sen prexuízo da abstención. Entenderase que os membros da corporación que se ausenten do salón de plenos unha vez rematada a deliberación dun asunto se absteñen de votar se non están presentes no momento da votación.
- 3.—Os asuntos considéranse aprobados por asentimento e unanimidade se unha vez presentados non xeran debate nin oposición.
- 4.—Iniciada a votación non se poderá interromper por ningún motivo nin a presidencia outorgará o uso da palabra. Non poderán os membros da corporación, durante a votación, entrar no salón de plenos nin abandonalo.
- 5.—Nas votacións con resultado de empate efectuarase unha segunda votación, se persistise, decidirá o voto de calidade do/da alcalde/sa.
- 6.—Concluída a votación a presidencia proclamará o acordado coa indicación dos votos afirmativos, as abstencións e os negativos.
- 7.—Proclamado o acordo os grupos que non interviñesen no debate ou que despois deste modificaran o sentido do seu voto poderán solicitar da presidencia unha quenda de explicación de voto que non excederá dun minuto.

## **ARTIGO 15: SISTEMAS DE VOTACIÓN**

- 1.—As votacións poden ter os seguintes sistemas:
  - a) Ordinarios: manifestaranse levantando a man.
  - b) Nominais: mediante a chamada, por orde alfabética de apelidos, no último lugar, a presidencia.  
  
Cada concelleiro/a ó ser nomeado/a polo/a secretario/a xeral, responderá “si”, “non” ou “abstéñome”.
  - c) Secretos: mediante papeleta depositada polos concelleiros e concelleiras nunha urna.
  - d) Electrónicas: poderá acordarse a utilización do sistema de voto electrónico, tras a consulta favorable da xunta de voceiros, mediante o correspondente sistema tecnolóxico instalado no salón de plenos.
- 2.—O sistema normal de votación é o ordinario.  
  
A nominal utilizarase con carácter preceptivo cando se someta á consideración do pleno unha cuestión de confianza, unha moción de censura, cando as leis así o impongan ou cando o acorde o pleno por maioría simple en votación ordinaria por proposta da presidencia ou do/da voceiro/a dun grupo político.
- 3.—A votación secreta utilizarase para a elección ou destitución de persoas, cando o asunto afecte ós dereitos do artigo 18 da Constitución e cando o estableza a lei. Nos



dous primeiros casos serán acordados polo pleno por maioría absoluta en votación ordinaria por proposta da presidencia ou do voceiro ou voceira dun grupo político.

#### **ARTIGO 16: QUÓRUM DE VOTACIÓN**

1.—Os acordos adóptanse por maioría simple dos membros presentes. Existe maioría simple cando os votos afirmativos superan os negativos.

2.—Adoptaranse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación os acordos que de conformidade coas leis así o requiran.

#### **ARTIGO 17: DO CONTROL E FISCALIZACIÓN DO GOBERNO POLO PLENO**

Salvo que o/a alcalde/sa dispoña outra cousa, a orde na que se deben tratar os asuntos é a seguinte:

- a) Aprobación da acta ou actas da/s sesión/s anterior/es.
- b) Dación de conta das resolucións da alcaldía.
- c) Os asuntos incluídos na orde do día, obxecto de ditame polas comisións informativas.

Nas sesións ordinarias incluíranse ademais, despois dos anteriores:

- a) As mocións e propostas urxentes que non consten na orde do día.
- b) Rogos e preguntas.

#### **ARTIGO 18: DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**

Expresan o posicionamento político ou social do Concello de Vilagarcía respecto de calquera asunto de interese xeral. Serán presentadas ante o rexistro xeral do concello polos/as voceiros/as dos grupos políticos municipais para o seu consenso na xunta de voceiros. Serán elevadas ó pleno como declaración da corporación no suposto de que non susciten reparo ou emenda polos demais grupos. En ningún caso serán obxecto de debate e consideraranse aprobadas por asentimento e unanimidade tras a súa lectura.

#### **ARTIGO 19.— COMPARECENCIA DUN/HA MEMBRO DO EQUIPO DE GOBERNO.**

1.—Os concelleiros e concelleiras con responsabilidade de goberno comparecerán ante o pleno, ben por petición propia ou por iniciativa dun grupo político municipal, mediante escrito de petición de comparecencia presentado no rexistro xeral. Na petición deberá concretarse o contido sobre o que versará a comparecencia, que ha ser sobre a avaliación da xestión xeral dun ou varios asuntos na súa condición de concelleiro/a delegado/a.

2.—Acordada polo pleno a comparecencia mencionada no apartado anterior, o/a alcalde/sa incluírá o asunto na orde do día da próxima sesión plenaria.

3.—Na intervención fará uso da palabra polo prazo máximo de 10 minutos o/a concelleiro/a comparecente. Responderá no tempo de cinco minutos o/a voceiro/a do grupo ou grupos políticos municipais ós que pertencen as/os concelleiras/os asinantes da comparecencia. A presidencia iniciará, se se lle solicita, unha quenda de intervencións para os demais grupos da corporación por un tempo máximo de cinco



minutos; pechará o debate o/a concelleiro/a comparecente cunha intervención máxima de cinco minutos.

#### **ARTIGO 20. – MOCIÓNS.**

A presentación de mocións suxéitase ás seguinte regras:

- 1.—Os grupos poderán someter, respectivamente, á consideración do pleno, unha soa moción por razóns de urxencia, que deberá ser entregada no rexistro xeral, polo menos con 24 horas de antelación á realización da sesión plenaria salvo no suposto excepcional de acontecementos relevantes e imprevisibles.
- 2.—Se para a mesma sesión plenaria varios grupos presentan mocións sobre o mesmo ou similar asunto, o debate deberá ser acumulado.
- 3.—A votación das mocións será á totalidade do texto, sen prexuízo da presentación de emendas. No caso de que as emendas sexan aceptadas expresamente e realizárase a votación sobre o texto modificado. Non se admitirán votacións parciais agás que o/a propoñente o acepte.

#### **ARTIGO 21 – ROGOS.**

- 1.—Os/as membros da corporación poderán nas sesións ordinarias formular rogos.
- 2.—Formularanse oralmente ou por escrito, neste último caso serán incluídos pola alcaldía na orde do día da sesión no suposto que se presenten no rexistro xeral do concello cunha antelación de seis días naturais á súa realización.
- 3.—O tratamento do asunto limitarase exclusivamente a súa breve formulación polo/a propoñente, sen realizar unha exposición para o debate, e a súa consideración polo concelleiro/a da área afectada que disporá para isto dun máximo de dous minutos.
- 4.—Non se admitirán rogos do exclusivo interese persoal de quen os formula ou de calquera outra persoa singularizada, os que supoñan consultas de índole estritamente xurídica nin os reiterativos doutros substanciados no mesmo ano.

#### **ARTIGO 22 – PREGUNTAS.**

- 1.—Os membros da corporación poderán formular preguntas nas sesións ordinarias.
- 2.—Formularanse oralmente ou por escrito, neste último caso serán incluídos pola alcaldía na orde do día da sesión no suposto de que se presenten no rexistro xeral do concello, cunha antelación de seis días naturais á súa realización. Se fosen formulados oralmente poderán responderse na sesión. No caso contrario incluíranse para a súa resposta na seguinte ordinaria a non ser que quen a formula admita unha contestación escrita que en todo caso será realizado polo destinatario antes da seguinte sesión.
- 3.—A tramitación das preguntas limitarase exclusivamente á súa breve formulación polo/a propoñente, sen realizar unha exposición para o debate e a súa contestación polo/a concelleiro/a da área afectada, por un tempo máximo de cinco minutos.
- 4.—Tanto os rogos como as preguntas deberán ser sucintas e claras realizadas nun tempo máximo de 5 minutos e formularanse polo/a voceiro/a de cada grupo ou polo/a concelleiro/a no que delegue, e serán contestadas pola presidencia ou por delegación, polo/a voceiro/a do grupo de goberno ou polo/a concelleiro/a delegado/a correspondente.





5.—Non se admitirán preguntas de exclusivo carácter persoal de quen as formula ou de calquera outra persoa singularizada, as que supoñan cuestións estritamente xurídicas nin as que sexan reiterativas doutras substanciadas no mesmo ano.

### **ARTIGO 23. — PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

Cando algunha das asociacións ou entidades, á que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do Concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, devate e votación da proposta incluída na orde do día. Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria. Unha vez iniciada a quenda de rogos e preguntas, o/a alcalde/sa establecerá unha quenda entre o público asistente. Correspóndelle ó/á alcalde/sa pechar esta quenda.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Este regulamento entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no boletín oficial da provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vilagarcía de Arousa, a 31 de maio de 2012. - O Alcalde, Tomás Javier Fole Díaz.